

# Celga



# 4

## PROBA B (ORAL)

### Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-01

**PARTE 1 (Texto oral)**

A continuación, vai escoitar dúas veces seguidas unha reportaxe sobre os microautos. Tome as notas que precise.

**PARTE 2**

| 1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 1 minuto aprox.  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como se chama?</li> <li>▪ A que se dedica?</li> <li>▪ Canto tempo leva estudando galego?</li> <li>▪ Por que o estuda?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Canto tempo leva en Galicia? Gústalle?</li> <li>▪ Que diferenzas atopa entre Galicia e a súa cidade de orixe?</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                  |
| 2. RESUMO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | 3 minutos aprox. |
| <p>Faga un resumo do contido da reportaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que información se achega sobre o manexo, o consumo, a relación co carné e a ITV dos vehículos que se presentan?</li> <li>▪ Cales son as súas principais características técnicas e limitacións relativas ao motor, ás marchas, á seguridade e á velocidade?</li> <li>▪ En xeral, que persoas se deciden por este produto?</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                  |
| 3. EXPOSICIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | 4 minutos aprox. |
| <p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p><b>A.</b> “Coa saída destes coches ao mercado é probable que en poucos anos unha boa parte da poboación xa non se preocupe por sacar o carné de conducir.”</p> <p><b>B.</b> “Estes coches deberían estar prohibidos porque a súa circulación aumenta considerablemente o perigo na condución viaria.”</p> <p><b>C.</b> “A posesión do carné de conducir é a única garantía de que un individuo recibira educación viaria suficiente para andar circulando polas vías públicas.”</p> <p><b>D.</b> “Co intento de facilitarnos a vida, as novas tecnoloxías moitas veces non fan máis que buscarnos máis complicacións.”</p> <p><b>E.</b> “Estes vehículos poden aumentar a seguridade viaria, xa que se lle impón un límite de velocidade. Todos os coches deberían ter ese límite.”</p> |                  |

|                       |                         |
|-----------------------|-------------------------|
| <b>4. INTERACCIÓN</b> | <b>4 minutos aprox.</b> |
|                       |                         |

**OPCIÓN A**

*“Coa saída destes coches ao mercado é probable que en poucos anos unha boa parte da poboación xa non se preocupe por sacar o carné de conducir.”*

- Cre que estes vehículos poden chegar a ser tan populares coma os coches convencionais?
- En que condicións sería vostede capaz de substituír o seu coche convencional por un deles?
- Apoiaría vostede a un amigo ou familiar que desexase mercar un microauto?
- En comparación cos coches convencionais, cre que os microautos presentan algunha vantaxe máis ca as comentadas na reportaxe?
- Que inconvenientes é capaz de atopar na circulación e no manexo destes coches?

**OPCIÓN B**

*“Estes coches deberían estar prohibidos porque a súa circulación aumenta considerablemente o perigo na conducción viaria.”*

- Por exemplo, cre que un adolescente está preparado para conducir un microauto?
- No caso dun accidente, é posible que os ocupantes dun microauto corran máis risco ca os dos outros coches?
- Está de acordo con que a maioría dos que conducen este tipo de vehículo o fan porque non teñen capacidade para conducir un convencional?
- Vostede atreveríase a manexar un microauto?
- Parécelle ben a política de penalización por incumprimento das regras de circulación?

**OPCIÓN C**

*“A posesión do carné de conducir é a única garantía de que un individuo recibira educación viaria suficiente para andar circulando polas vías públicas.”*

- Pero non cre que o carné só demostra uns coñecementos teóricos que pouco importan coa habilidade ou a responsabilidade para conducir?
- Non coida que o feito de sacar o carné está máis relacionado coa sorte ca co coñecemento e co dominio das leis de tráfico?
- Pensa que as dificultades que impón o departamento de tráfico á hora de sacar o carné poden facer que moita xente opte por posuír e manexar un microauto?
- Cre que hai persoas que dominan ben as regras de circulación pero que non as dan aplicado cando conducen?

**OPCIÓN D**

*“Co intento de facilitarnos a vida, as novas tecnoloxías moitas veces non fan máis que buscarnos máis complicacións.”*

- Non pensa que poderíamos ter máis tranquilidade sen esta alternativa de transporte nas vías públicas?
- Se ten unha cita con alguén que leva atraso, cre que se preocuparía máis se se tratase dun condutor dun microauto?
- Sobre as características dos condutores habituais que di a reportaxe, que opina? Xustificaríaal dalgún xeito?
- Coida que a creación destes vehículos se debe máis á necesidade de manter os ingresos da industria automobilística ca ao feito de lle proporcionar un ben útil á sociedade?

**OPCIÓN E**

*“Estes vehículos poden aumentar a seguridade viaria, xa que se lles impón un límite de velocidade. Todos os coches deberían ter ese límite.”*

- Unha limitación excesiva da velocidade, non cre que impediría o desenvolvemento cotián en moitas profesións?
- Non pensa que o gran problema dos accidentes non é a velocidade senón unhas infraestruturas deficientes?
- Non cre que, pola contra, os microautos poden provocar máis accidentes xa que os que conducen a moita velocidade van seguir facéndoo nun coche non habilitado para iso?
- Pensa que para un mellor control da velocidade nas estradas debería haber moitos máis radares e fiscalización da policía de tráfico?
- Parécenlle abondas as medidas de penalización e multas polas infraccións na circulación viaria?